

Liñas de acción da CTNL

para o período interasemblemear 2015-2016

(aprobadas na Asemblea Xeral Ordinaria do 28 de febreiro de 2015)

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1 Defender os intereses xerais das/os traballadoras/es de normalización lingüística e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:

- Realización de propostas que procuren **mellorar a situación do traballo en normalización lingüística**, nomeadamente na procura da estabilización dos servizos de normalización lingüística e demais departamentos técnicos existentes, e proposta de creación e mellora, e seguimento, de axudas para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística nas administracións locais.
- **Apoio á estabilización dos postos de traballo para unha formación en lingua galega de calidade**, coa proposta de creación dun corpo estable de profesorado que planifique, prepare e desenvolva materiais e formación lingüística para diversos ámbitos, sectores e perfís, e tendo en conta o recoñecemento de indefinidade laboral que os tribunais están declarando tras o despedimento, declarado nulo e/ou improcedente, do profesorado dos cursos Celga por parte da Xunta. Elaborarase unha proposta concreta a partir da organización dunha xornada en colaboración co propio profesorado e persoal técnico.
- Continuidade da procura de **visibilización do traballo que se desenvolve a prol do galego**, facendo ver a súa necesidade, e visibilizando tamén o apoio social ao proceso de normalización lingüística, procurando así que o traballo a favor da lingua se vexa socialmente como útil e necesario. Para isto fortalecerase a difusión e información a través do web, redes sociais, vídeos, etc., para visibilizar o traballo de SNL, ENDL, asociacións, empresas, etc., publicando novas, reportaxes, entrevistas, etc.

- Elaboración dunha **guía de dúbidas sobre cuestións laborais** e procesos selectivos que teñen que ver co traballo en normalización lingüística e posta en marcha dun servizo de consulta e asesoramento legal para socios/as relacionado con cuestións laborais e técnicas específicas.

2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

ORGANIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cada ano a CTNL organiza directamente diversos cursos e obradoiros específicos sobre diversas materias na procura de mellorar os coñecementos e capacidades das persoas que traballan en normalización lingüística en diferentes ámbitos.

Estes cursos organízanse directamente desde a CTNL coa coorganización do Departamento de Filoloxía Galega da USC e, na maioría das ocasións, coa colaboración económica da SXPL.

Debido a unha serie de factores, como poden ser a falta de expectativas laborais, a cada vez maior formación do persoal técnico que está traballando e a non incorporación de novo persoal e tamén as maiores dificultades detectadas para asistir a formación en horario laboral, cómpre reformular algunhas cuestións sobre o modelo de formación e facer esta dun xeito máis indirecto a través de materiais de diverso tipo ou de xornadas de formatos diversos para facer máis efectivo o traballo a prol do galego, e non tanto a través de cursos nos formatos convencionais.

Deste xeito, propomos igual en 2015 o desenvolvemento dalgúns cursos e obradoiros (un ou dous), mais coa posibilidade de ir experimentando tamén outros formatos que poidan ser máis efectivos.

Obradoiro de xestión de redes sociais para a normalización lingüística

Obxectivos

- Coñecer técnicas, ferramentas, etc., que melloren o uso das redes sociais para servizos e equipos de normalización lingüística, asociacións e empresas que traballan no ámbito da lingua, etc.
- Saber aproveitar as oportunidades que nos poden ofrecer as redes sociais para o traballo e a comunicación na normalización lingüística.
- Mellorar destrezas para o manexo e comunicación a través das redes sociais.
- Coñecer exemplos de boas prácticas que permitan mellorar a comunicación na rede para a normalización

	<p>lingüística.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a linguaxe propia e adaptada ao medio e comunidades das redes.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • Podería partirse dunha pequena auditoría por parte do/a profesor/a das distintas redes que xestionan as persoas participantes no obradoiro, para que así nos amose os seus puntos débiles e fortes, nos faga propostas de mellora, nos faga detectar os erros que cometemos, nos ensine exemplos de boas prácticas e nos ensine técnicas, ferramentas, destrezas, etc., para mellorarmos nas xestións desas redes.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL). • Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua. • Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino. • Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	Podería ser un obradoiro dunha única mañá ou tarde presencial, pero con análise previa das redes sociais xestionadas polas persoas participantes.
Profesorado	Expert@ con coñecemento e experiencia na materia e capacidade de adaptación ás nosas necesidades

Formación para a creatividade e motivación para a normalización lingüística	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer métodos e técnicas novas para fomentar a creatividade e a motivación das persoas. • Aprender a desenvolver dinámicas que incrementen a motivación dos grupos. • Ser quen de implementar en grupos accións que consigan activar a creatividade das persoas de cara a aplicala para o incremento do uso e prestixio da lingua galega.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL). • Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua. • Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino. • Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	Por determinar duración e formato
Profesorado	Persoas con coñecemento na materia e capacidade de adaptación ás nosas necesidades

Obradoiro de creación e difusión de información a través de notas de prensa (2.ª edición)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar axeitadamente a comunicación para accións de normalización lingüística. • Redactar notas de prensa que comuniquen axeitadamente a mensaxe e información que se quere transmitir desde SNL, ENDL, asociacións en defensa da lingua, empresas lingüísticas, etc.

	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os formatos, partes, contidos, etc., que deben ter as notas de prensa. • Aprender a atopar titulares e frases que fagan que as notas comuniquen de xeito máis eficiente. • Coñecer como, cando, a onde e a quen se deben enviar as notas de prensa sobre lingua na procura de que teñan a repercusión axeitada no ámbito de interese. • Que o traballo en lingua e as accións a prol do galego teñan maior e mellor repercusión social a través dos medios.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL). • Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua. • Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino. • Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	4 horas presenciais + 4 horas non presenciais de traballo con titorización (aprox.)
Profesorado	Xornalista con coñecementos e experiencia, nomeadamente no ámbito da lingua

Obradoiro de deseño e maquetación de materiais básicos para a normalización lingüística	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a manexar programas sinxelo de maquetación, principalmente de folletos e carteis. • Crear de maneira sinxela materiais básicos, como folletos e carteis, cun mínimo de calidade para a difusión de accións e mensaxes a prol do galego.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL). • Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua. • Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino. • Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	20 horas, aproximadamente
Profesorado	Persoa con coñecemento na materia e capacidade de adaptación ás nosas necesidades concretas

- Colaboración con outras propostas formativas:
 - XI edición do **Curso de verán sobre dinamización lingüística #traballandoenlingua** (Organizado desde o SNL da Universidade da Coruña en colaboración coa CTNL e co Concello de Carballo), coa proposta de que o seu programa se centre na análise e proposta do uso e prestixio do galego na mocidade.

DOCUMENTOS FORMATIVOS E INFORMATIVOS

- Procura de continuidade da colección de materiais **Documentos CTNL**, na que se inclúen materiais formativos e de referencia. En 2015 valorárase a edición dun novo documento.
- Está previsto tamén publicar unha **guía de axuda para a presentación a procesos selectivos** ou para a consulta de dúbidas laborais en postos de traballo relacionados co traballo en normalización lingüística: información sobre como deben ser as convocatorias, onde se deben publicar as bases, como deben ser os procedementos de admisión de solicitudes, resolución de dúbidas sobre os desenvolvementos das probas, información sobre prazos e métodos para poder presentar recursos, etc.
- Publicación e difusión a través da rede de materiais formativos de diversos cursos xa organizados pola CTNL.

3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:

ACCIÓNS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- **PROPOSTAS PARA A MELLORA, SEGUIMIENTO E DENUNCIA DOS CONTINUOS RETROCESOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA:** continuarase a facer seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia, procurando que esta volva ao camiño do diálogo e do consenso que abandonou, procurando que procure avances en vez de retrocesos, denunciando os continuos pasos atrás que se dan e os pasos adiantes que se deixan de dar e propondo melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- **ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2015:** proporlles a todas as organizacións políticas que inclúan nos seus programas electorais de cara ás eleccións municipais de 2015 o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos do municipio, para o que é necesaria a

creación (ou potenciación e consolidación, de ser o caso) de servizos de normalización lingüística (SNL) estables con capacidade de intervención social, ben propios, ben consorciados, dotados de recursos humanos e económicos abundos, co obxectivo xeral de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais dos municipios, con funcións claramente dinamizadoras, formativas e de asesoramento e que traballen de xeito coordinado con outras entidades con obxectivos normalizadores.

- **CONCELLOS:** ademais do sinalado para as eleccións municipais, proporáselles aos concellos a participación, colaboración, difusión, etc., desde o ámbito municipal en diversas accións, ben propias da CTNL (Agasallo.eu, Como cho digo, Gústame o galego, etc.), ben alleas que se consideren de interese para a lingua.
- **DEPUTACIÓNS:** proporase que desde as deputacións provinciais se poñan en marcha (no caso de Ourense e Pontevedra) ou se melloren e incrementen (no caso da Coruña e Lugo) programas de impulso dos servizos de normalización lingüística municipais, así como que desenvolvan outras accións para a mellora e impulso do proceso de normalización lingüística.
- **LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO E OUTRAS LEXISLACIÓNS E REGULAMENTOS:** análise, consulta e propostas de acción ante regulamentos e/ou leis que poidan supor un retroceso no uso do galego nas administracións e en diversos ámbitos, como pode ser a Lei de racionalización do sector público, que prevé a publicación gratuita de anuncios de administracións no *BOE* (o que pode ir en detrimento da publicación en galego no *DOG*), ou outros regulamentos e instrucións que prexudican o uso do galego en anuncios, pregos, convocatorias, etc., das administracións.

PREMIO A ACCIÓNS, PROGRAMAS, PROXECTOS, ETC., DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Instauración dun premio a accións, programas, proxectos, etc., que se desenvolvan desde SNL, ENDL, asociacións, entidades, empresas, etc., e que teñan como obxectivo a normalización lingüística.

Este premio procuraríase ser un recoñecemento ao traballo ben feito, dar unha imaxe positiva, supor un aval para as accións que se valoren, marcar modelos de accións e difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Nestes momentos hai diferentes premios que valoran o uso da lingua galega, os efectos que ese uso ten ou traxectorias, en determinados ámbitos (Leixaprén, Manuel Beiras, Pintos, Lois Peña, etc.), mais non hai ningún premio que recoñeza accións desenvolvidas que teñen como obxectivo principal a normalización da lingua galega. Por iso se considera de interese a instauración

deste premio, co que se pretende recoñecer accións, programas, produtos ou proxectos, mais en principio non entidades, persoas ou traxectorias.

A proposta é instaurar o premio entre a CTNL e a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (CGENDL), definíndoo conxuntamente e procurando a colaboración doutras entidades.

VIVEIRO DE PROPOSTAS NORMALIZADORAS

Continuidade e mellora do proxecto do Viveiro de propostas normalizadoras que comezamos desde a CTNL en 2012, facendo unha nova convocatoria e adaptando e actualizando algunhas cuestións de funcionamento para facelo máis efectivo.

O Viveiro de propostas normalizadoras é un espazo de intercambio de ideas e traballo conxunto para que os traballadores e as traballadoras de normalización lingüística poidamos poñernos en contacto, coñecer e presentar propostas e ideas de accións normalizadoras, buscar xente coa que intercambiar impresións e colaborar na maduración e posta en marcha desas propostas, etc. A idea é que deste espazo ou laboratorio nazan e se poidan desenvolver actividades, accións, campañas, obradoiros, produtos normalizadores, etc.

Deste Viveiro naceu en 2012 a acción *Gústame o galego*, en 2013 *Agasallo.eu* ou en 2014 *Como cho digo ;-)*, campaña de visibilización do galego nos medios de comunicación.

PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO

Despois de case seis anos desde o nacemento da plataforma *Queremos Galego*, considérase que esta pode seguir a ser unha ferramenta útil para a reivindicación da lingua e da súa normalización en todos os ámbitos, mais que a súa utilidade e eficacia pode ser maior mellorando a súa acción, xestión e visibilidade e procurando activamente a integración dun maior número de colectivos. Deste xeito, propóranse no seo da plataforma unha serie de medidas na procura desa mellora e revitalización, que se poden concretar en:

- Establecemento dun regulamento de participación, integración, toma de decisións, etc.
- Elección de voceiro/a(s) que non sexan caras visibles de ningunha das entidades que integran a plataforma.

- Apertura dun proceso na procura activa da integración do maior número de entidades posible, para intentar que a plataforma sexa unitaria das entidades sociais que entre as súas finalidades teñen o traballo a prol da lingua.
- Establecemento duns obxectivos e plan de traballo a medio prazo.

ENCUNTROS, XORNADAS E OUTRAS PROPOSTAS DE COORDINACIÓN

Xornada de transmisión de ideas para o futuro do uso e prestixio da lingua [buscaráselle un nome]	
Descrición xeral	Organización dunha xornada de exposición de ideas que teñan que ver co futuro da lingua, na que interveñan persoas que transmitan, dun xeito breve e visual, ideas que poden, e queren, influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios. Esas intervencións, ideas e propostas serán tamén gravadas e difundidas en vídeo a través da rede. O formato podería ser semellante ao das conferencias TED.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller e difundir ideas coas cales se pode mellorar o futuro do uso e prestixio da lingua. • Realizar e difundir vídeos breves para a transmisión desas ideas. • Procurar influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios, a través da transmisión de ideas e mensaxes de persoas.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • Persoas interesadas no futuro da lingua (na sesión presencial) e, ademais, tamén público máis xeral (coa difusión dos vídeos).
Duración	Unha tarde ou tarde-noite (arredor de 3 ou 4 horas).
Formato	Intervencións individuais cun tempo máximo (pódese fixar en 15 min.), claras e visuais, sen preguntas, e sen uso de mesa nin atril.
Lugar	Nun auditorio por determinar.
Persoas que interveñen	Persoas que teñan algo que dicir, ideas que valan a pena compartir e transmitir para influír no futuro da lingua, e que teñan capacidade para comunicar de xeito claro, positivo, apaixonado, visual e breve, coa vontade de procurar mudar cousas. A busca ou selección de persoas e propostas farase por parte da CTNL.
Notas sobre a xestión	Desde a CTNL nomearase unha comisión encargada da organización, selección de persoas, xestión, etc. Non se pagará polas intervencións. Pódese valorar o cobro dunha entrada para asistir ao evento que axude a financiar, en parte, o equipo técnico necesario, as gravacións, a difusión, etc.

- **POR UNHA MAIOR VISIBILIZACIÓN DA LINGUA NAS LETRAS GALEGAS:** Ante os últimos datos que amosan a grave perda de uso do galego nas xeracións máis novas dados a coñecer nos últimos meses, e para contribuír a dar unha imaxe máis moderna e atractiva da lingua e aproveitar a data do Días das Letras Galegas para que entidades, públicas e privadas, contribúen a ofrecer tamén esa imaxe, promoverase unha acción ou acordo que incentive que, arredor dos programas e actos do 17 de maio, as entidades de todo tipo centren os seus actos, imaxe, accións, discursos, etc., principalmente na lingua, na súa importancia e no seu futuro en todos os ámbitos, alén do literario. Deste xeito, promoverase un lema común para ser utilizado nos programas, carteis, accións, etc., das distintas entidades públicas e privadas que se sumen (do estilo “Lingua viva”, “Galego, idioma de presente e futuro”, “Que se vexa a lingua”, “O galego que queremos”, ou o que se acorde), proporase unha imaxe común ou, cando menos, que se utilicen nos programas, carteis, etc., imaxes atractivas que remitan á viveza, futuro, etc. (máis que a escritores/as mortos/as) e proporase que os actos programados se centren en visibilizar unha lingua viva e rica válida para todos o ámbitos e situacións.
- **ENCANTRO DE TRABALLO DE SNL:** Valoración da organización dun encontro de traballo de servizos de normalización lingüística, cos obxectivos de poñer en común o traballo desenvolvido polos/as técnicos/as de normalización lingüística desde os SNL; intercambiar experiencias; e impulsar o traballo colaborativo e proxectos comúns desde os SNL. Podería ser un día, en xornada de mañá e tarde. Este encontro comezaríase a organizar só no caso de que os Encontros para a Normalización Lingüística organizados polo Consello da Cultura non volvan ao seu formato e finalidade orixinal de punto de encontro de traballadores/as, servizos, entidades, etc., de normalización.
- **ACTIVIDADE LÚDICA DE CONVIVENCIA:** Desenvolvemento dun encontro con compoñentes lúdicos e de convivencia, coa intención de facer grupo compartindo unha experiencia común allea ao traballo concreto. A proposta concreta podería consistir nunha subida ao monte Pindo, contactando coa asociación Monte Pindo Parque Natural, como xa se programou e intentou en 2013, mais que, por cuestións meteorolóxicas, non foi posible realizar. Podería ser no mes de xuño ou setembro.
- **CULTURGAL:** Mantemento da presenza da CTNL en Culturgal, cunha participación similar á de 2012 (cando se presentou Gústame o galego) e 2013 (cando se presentou Agasalho.eu). En 2014 non houbo presenza cun proposta concreta.
- **ENCANTROS PARA A NORMALIZACIÓN:** Colaboración cos XVII Encontros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega (en principio serán no mes de setembro, e está previsto que volvan ao seu formato e finalidade orixinal de punto de encontro de traballadores/as, servizos, entidades, etc., de normalización).

ALGUNHAS ACCIÓNS DE FOMENTO DO GALEGO QUE ESTÁ PREVISTO IMPULSAR DESDE A CTNL (a raíz do Viveiro de propostas normalizadoras)

- **Remate da campaña Gústame o galego**

A campaña Gústame o galego, como comezamos en decembro de 2012, foi un auténtico éxito de acollida, visibilización, participación, difusión, etc. Mais, non se debe deixar que morra completamente por inanición, polo que cómpre programarlle un final.

Durante 2014 seguiuuse a desenvolver en centros de ensino, facultades, espazos públicos, etc., mediante a colaboración/contratación por parte de concellos, entidades varias, etc., aínda que cada vez cun ritmo menor.

Polo tanto, cómpre programar o seu final, para pechar a campaña, coas seguintes actuacións:

- Convocar un concurso de canción de Gústame o galego, ao que se poidan presentar maquetas de cancións que compartan o espírito e con letras que conteñan, cando menos, uns dous lemas dos utilizados na campaña. O premio sería a gravación da canción en estudio profesional e a produción e difusión dun videoclip para a canción, de xeito que, aínda que se pecharía a campaña, quedaría dela esa canción e videoclip permanente.
- No período que vai desde que se convoca o concurso até que se presenta o videoclip, incentivarase que participen en Gústame o galego algunhas entidades deportivas relevantes, facendo sesións cos seus xogadores e xogadoras.

- **Continuidade e procura de fortalecemento de Como cho digo ;-), campaña para a visibilización do uso do galego na comunicación**

En marzo de 2014 púxose en marcha a campaña Como cho digo ;-), nacida do Viveiro de propostas normalizadoras, e que procura a visibilización do uso do galego nos medios de comunicación. Pódese ver toda a información da campaña a través do web www.comochodigo.eu.

Desde que se puxo en marcha foron moitas as persoas (arredor de 500) e entidades (arredor de 100) que se sumaron, mais, aínda que o balance global da acción é positivo, foron moi poucos os actos de sinatura e visibilización que se desenvolveron (só un, o inicial, en Santiago, e outro local en Narón), e non houbo contacto directo cos medios para solicitarlles por parte da CTNL directamente o compromiso de visibilización do uso do galego.

Deste xeito, en 2015 a continuidade e procura de fortalecemento desta campaña debe consistir en:

- Promover o desenvolvemento de actos locais, comarcais ou sectoriais de sinatura e visibilización.
- Presentarlle a campaña e os apoios aos medios, para adquirir destes compromisos directos.

- **Continuidade, difusión e fortalecemento de Agasallo.eu, propostas de regalos en galego**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu (www.agasallo.eu), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a coñecer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. Na actualidade son 24 as empresas e entidades participantes e a plataforma contén arredor de 200 propostas que se van actualizando.

En 2015 xa se comezaron a facer, e seguiranse facendo, campañas publicitarias e de difusión puntuais para épocas especiais para agasallar, intentando vincular esas épocas co uso da lingua galega, e vinculándoas a Agasallo.eu:

- Día d@s Namorad@s: campaña “Fain@ gozar coa lingua”.
- Día de Rosalía: campaña “#EuSonRosalía”.
- Día do Pai.
- Día do Libro.
- Día da Nai.
- Días das Letras Galegas.
- Nadal.

Ademais, en Nadal, vinculado tamén a Agasallo.eu e tratando de aproveitar esas datas para o fomento do uso e prestixio da lingua galega, está previsto desenvolver unha plataforma na rede a través da que se poida facer que o Apalpador, Papá Noel ou os Reis Magos lles contesten as cartas aos nenos e nenas a través dun vídeo personalizado.

Algunhas propostas organizativas para 2015-2016

- Mantemento da cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento (a cota convencional é de 25 € ao ano e a de desempregados/as e estudantes de 15 € ao ano).
- Posta en marcha de grupos de traballo para a planificación e o desenvolvemento dos diversos proxectos programados: Xornada de transmisión de ideas, Como cho digo ;-), Gústame o galego, Agasallo.eu, cursos, etc. Abrirase a través do web e correo-e unha convocatoria de adscrición aos grupos que se considere necesario crear e calquera socio ou socia da CTNL poderá participar nos grupos que queira. Cada grupo estará coordinado por unha persoa da CTNL.
- Procura de renovación e de novos convenios e acordos de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento dalgunhas das accións que está previsto desenvolver: Xornada de transmisión de ideas, Como cho digo ;-), Gústame o galego, Agasallo.eu, acción de felicitacións de Nadal, etc.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte seguiranse facendo propostas en positivo e procurando que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística (dentro do perfil e ámbito de cada unha das comisións e/ou plataformas). Nestes momento a CTNL forma parte de:
 - Comisións Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).
 - Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
 - Plataforma Queremos Galego.